



Estudiantes de Vigo, Lugo e Mondoñedo, gañadores do Concurso Escolar do Parlamento de Galicia

- **Os finalistas están escolarizados en centros da Coruña, Sarria e Baiona**
- **O xurado propuxo unha mención para dous alumnos de educación especial**
- **Os premios entregaranse o vindeiro 20 de xuño no Parlamento**
- **A presidenta do Parlamento agradece o esforzo desenvolvido polos membros do Xurado, que para seleccionar aos gañadores tiveron que revisar 888 traballos pertencentes a 52 centros educativos**

Santiago, 10 de xuño de 2011.- O xurado encargado de seleccionar aos gañadores do Concurso Escolar 2010-2011 convocado polo Parlamento de Galicia seleccionou, por unanimidade, aos gañadores e finalistas de cada unha das tres modalidades, –debuxo, redacción e expresión libre– , ademais de propoñer unha mención especial para dous alumnos de educación especial.

Os gañadores están escolarizados en centros educativos de Vigo, Lugo e Mondoñedo, mentres que os finalistas cursan estudos na Coruña, Sarria e Baiona. Os alumnos de educación especial que recibiron unha mención especial pertencen a centros de Vigo e Pontevedra.

A entrega dos premios terá lugar o vindeiro día 20 de xuño, luns, no Parlamento de Galicia, nun acto ao que ademais dos gañadores e finalistas, se convidará á clase de cada un dos galardoados, aos profesores que supervisaron os traballos seleccionados e aos directores dos centros.



Agradecemento ao xurado

O Xurado encargado de seleccionar os traballos estivo presidido polo vicepresidente primeiro do Parlamento, José Manuel Baltar Blanco; pola presidenta da Comisión 4ª, Educación e Cultura, Marisol Piñeiro; polos portavoces de Educación dos tres grupos parlamentarios, Román Rodríguez (PPdeG), Guillermo Meijón (PSdeG-PSOE) e Carme Adán (BNG), así como polo docente Jose Manuel Rosales Noves.

A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, agradece o esforzo desenvolvido polos membros do xurado, que revisaron cada un dos 888 traballos presentados ao concurso.

Esta elevada cifra de participación certifica, en opinión de Rojo Noguera, que sí é posible suscitar o interese dos máis novos polas institucións que articulan o sistema democrático e o autogoberno de Galicia.

Os 888 participantes nesta edición do Concurso Escolar do Parlamento están escolarizados en 52 centros educativos. Destes, 21 pertencen á provincia da Coruña, 9 á de Lugo, 5 á de Ourense, e 17 á de Pontevedra.

GAÑADORES E FINALISTAS

Os seleccionados foron os seguintes:

CONCURSO DE DEBUXO:

Persoa gañadora: **NOELIA TINOCO LACOMBA** (doc. núm. 64483)

- Centro escolar: Escola Rosalía de Castro. Vigo. Pontevedra.
- Clase: 4º B de primaria



- Profesor que supervisou á gañadora: D. José Manuel Carnero González

Persoa finalista: **CLARA FERNÁNDEZ CASÁS** (doc. num. 64348.1) (alumna de 4º de primaria no CEIP Raquel Camacho. A Coruña)

CONCURSO DE REDACCIÓN:

Persoa gañadora: **DANIEL VICENTE GUTIÉRREZ SALVADOR** (doc. núm. 64510.8)

- Centro escolar: IES Ánxel Fole. Lugo
- Clase: 2º da ESO
- Profesora que supervisou ao gañador: D.ª Carme Millares Fernández

Persoa finalista: **IRENE LÓPEZ GONZÁLEZ** (doc. núm. 64471) (alumna de 2º da ESO no CPR La Merced. Sarria. Lugo)

CONCURSO DE EXPRESIÓN LIBRE:

Persoas gañadoras: **LARA RUBAL OTERO, CRISTIAN VIZCAÍNO RODRÍGUEZ E PATRICIA MARTÍNEZ PAZ** (doc. núm. 64518.1)

- Centro escolar: IES San Rosendo. Mondoñedo. Lugo.
- Clase: 3º B da ESO
- Profesora que supervisou aos gañadores: D.ª Amparo Bermúdez González

Persoa finalista: **RAQUEL FERNÁNDEZ BARREIRO** (doc. núm. 64401.15) (alumna de 4º da ESO no CPI Covaterreña. Baiona. Pontevedra).

Finalmente, o Xurado propón unha **menção especial** para as seguintes persoas:



+ **ÁLVARO PAZOS FERNÁNDEZ** (doc. núm. 64554.2) (alumno de 2º ciclo no Centro de Educación Especial Saladino Cortizo. Vigo)

+ **SARA PEDRIDO GARCÍA** (doc. núm. 64552.17) (alumna no Centro de Educación Especial Príncipe Felipe. Pontevedra)

Os traballos gañadores e finalistas pódense consultar en:
<http://cursoescolarparlamentodegalicia.blogspot.com/>

Saúdos, Gabinete de Comunicación